



RECORTES NO ENSINO

SUBA DAS TAXAS



O PP QUERE UNHA UNIVERSIDADE SÓ PARA OS RICOS

En pouco máis de 100 días de desgoverno, o PP está protagonizando o maior ataque contra os dereitos e garantías da inmensa maioría da poboación, a clase traballadora. A resposta do PP ao éxito rotundo da folga xeral do pasado 29 de marzo

non é a rectificación senón continuar destruindo dereitos e recortando o gasto público social, o que profundizará a recesión económica e o noso empobrecemento.

Os Orzamentos Xerais do Estado imponen un recorte superior a 800 millóns de euros no ensino público. Para aplicar este ataque salvaxe contra o noso dereito, o PP aumenta o ratio de alumnado por aula, despedirá miles de profesoras/es e autoriza unha suba dos prezos das matrículas universitarias.

As familias terán que pagar até un 66% máis para mandar as súas fillas e fillos á Universidade o que, na práctica, pode significar un incremento superior aos 540 €. Estamos ante a maior suba de taxas da historia e o ataque máis brutal, desde o franquismo, contra o carácter público e universal do ensino.

Cantos traballadores e traballadoras van ter un incremento do seu salario de 540 €? A maioría absolutista de Mariano Rajoy pretende expulsar da Universidade as fillas e fillos da clase traballadora para que o ensino volva ser un privilexio dos ricos e non un dereito de todas e todos.

Ao mesmo tempo que recorta brutalmente o gasto no ensino público, a dereita continúa subvencionando aos seus amigos e aos ricos. A Igrexa Católica recibirá como mínimo 11.000 millóns de euros dos orzamentos do Estado, seguiremos pagando as cacerías e excesos da monarquía e as axudas públicas a banca privada superan os 2 billóns de euros desde que comezou a crise.

Os recortes anunciados no ensino son alarmantes e intolerábeis, non podemos permitir que destrúan o froito da loita de xeracións de traballadoras e traballadores que o arriscaron todo para conquistar un mundo mellor.

1º de maio, todos e todas á rúa en defensa dos nosos dereitos

Non á ditadura do capital

**1º de maio,
MOBILÍZATE
coa CIG**

Vigo ás 12,00 h. Cruce da Doblada

Coruña ás 12,00 h. Praza de Vigo

Pontevedra ás 11,30 h. Praza da Ferrería

Ferrol ás 12,00 h. Avda. de Esteiro (local da CIG)

Santiago ás 12,30 h Praza Roxa

Lugo ás 12,30 h. Ronda da Muralla (edificio sindical)

Ourense ás 12,30 h. Pavillón dos Remedios

Ribeira ás 12,00 h. Praza do Peixe

Mondoñedo ás 12,30 h. Diante da ECAR

Vilagarcía ás 12,00 h. Casa do Mar

A Estrada ás 12,00 h. Praza do Concello

**O ENSINO É UN DEREITO
NON UN PRIVILEXIO**



CIG

Confederación Intersindical Galega
www.galizacig.com